



Imaxe da folga de 2022

Cronoloxía do conflito

2020

Adxudicase a contrata do lixo

O Concello licita por 11,5M€/ano a Cespa, do grupo Ferrovial. A adxudicación é recorrida.

2021

Prezero merca Cespa a Ferrovial

Prezero pertence ao Grupo Schwarz.

2022

Folga na recollida do lixo

Tras máis de 40 días de protesta pola suba salarial, remata con acordo e acusacións ao Concello por subcontratar a recollida.

2023

Detención da cúpula do STL

Son detidos os dirixentes do sindicato por presuntos delitos de corrupción, blanqueo e estafa, por esixir cartos ao persoal contratado e forzar o despido de quen impagaba. A rede chegaría a Ourense, Ponferrada ou As Palmas.

2024

A Xustiza anula a concesión do lixo

O TSXG sentenza que se incumpriu o prego.

Hoxe

Folga na recollida do lixo

O inicio da folga coincide no tempo coa declaración xudicial do dirixente do STL.

ADEGA ante a encrucillada do lixo:

Estas son as nosas receitas para que Coruña e bisbarra sexan cada día máis eficientes, ecolóxicas e viábeis:

1. Promulgar unha xestión ecolóxica do lixo no que se priorice a reciclaxe e a creación de compost de calidade, e non se permita a incineración.
2. Defender un modelo de ámbito comarcal para a xestión de lixo no entorno da cidade da Coruña.
3. Fomentar a educación ambiental como ferramenta para mellorar o modelo de xestión de lixo e promover a compostaxe doméstica e comunitaria.
4. Demandar ás administracións transparencia nas contratas vinculadas á xestión do lixo e maior capacidade de control e fiscalización á nova concesión.
5. Defensa e mellora da planta de Nostián.

E que podo facer eu?

Se concordas coas análises de ADEGA, non o dubides:

1. Únete a asociacións, coma **ADEGA**, que traballan tendo en mente que non hai planeta B e que do que fagamos agora dependen as xeracións vindeiras.
2. Mellora os teus hábitos de consumo, elimina os envases non retornábeis mercando a granel de ser posíbel, separa ben o lixo en casa e composta os teus residuos orgánicos se tes a posibilidade de facelo.
3. Proponnos iniciativas de mellora e sensibilización ambiental no teu entorno, ou participa nas que outras persoas e entidades organicemos.

A Coruña na encrucillada:

Que facemos co noso lixo?



ADEGA
Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza



Delegación de ADEGA na comarca da Coruña

☎ 638 47 53 22 ✉ adegacorunha@adega.gal

Contáctanos en 📠 Telegram ou 📱 Whatsapp!

Coñece todo o que facemos en www.adega.gal

O modelo Nostián é moito máis eficiente e ecolóxico que SOGAMA


Envases recuperados
(en Kg. por habitante)



SOGAMA

Nostián

O modelo de Nostián é moitísimo máis eficiente e ecolóxico que o modelo de SOGAMA, pois na planta da Coruña recupéranse practicamente 4 veces máis envases dos que se reciclan na planta de Cerceda.



Porén, como xa denunciou ADEGA no 2022, desde a Xunta omítense estes datos tan contundentes e pola contra criticase, con argumentos falaces, o exitoso modelo seco-húmido de Nostián en pro do modelo demostradamente fracasado de SOGAMA.



Impacto ambiental



SOGAMA



Nostián

O modelo de Nostián é infinitamente máis inocuo para o medio natural que o de SOGAMA, onde é practica habitual a incineración dos residuos coa excusa da xeración enerxética, o que non pasa aquí.

Nivel de reciclaxe en Nostián




Nivel de reciclaxe en SOGAMA



Obxectivo de reciclaxe da UE

Habendo moita marxe de mellora, pois o nivel de reciclaxe en Nostián (o 30%) apenas supera a metade do obxectivo da UE (55%), SOGAMA só recicla entre o 3 e o 13% do lixo que recibe (que é o 80% do que se produce en toda Galiza) e ademais incinera o 46% dos seus residuos non industriais.

Nivel de incineración



Nostián



SOGAMA

Custo do servizo
(en Euros por tonelada)



SOGAMA



Nostián

É certo que hoxe o modelo SOGAMA resulta máis barato que Nostián, mais non nos compensa o seu impacto ambiental case nulo? Ademais tamén hai que ter en conta que SOGAMA está recibindo permanentemente inxeccións de cartos públicos.

Remunicipalizamos?

Recuperar a xestión da recollida do lixo permitiría solucionar moitos dos problemas que suceden pola actual xestión privada, garantir postos de traballo dignos e, en definitiva, aforrar custos do servizo.

Aforro da xestión



Privada



Pública

Un informe recente da UDC sinala que o aforro que se lograría coa remunicipalización do servizo do lixo vai supoñer, cando menos, un 27% de aforro. Esta opción xa se ten exercido noutras cidades con éxito.